



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2025/G007/000021

CERTIFICACIÓN

MARÍA DEL CARMEN SEOANE BOUZAS, SECRETARIA DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 06 de novembro do 2025 adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

«3º.- Subvención municipal dirixida ás entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2025 - (LS 4.2 PES 2024-2025) Concellería de Deporte, Educación e Xuventude.

O presidente xustifica a urxencia de incluír este punto na orde do día pola finalidade de poder resolver antes final de ano porque van cos prazos bastante apertados.

Dáse conta pola presidencia da proposta da Alcaldía do 2025-11-04 que figura no expediente e que se reproduce a continuación literalmente:

«PROPOSTA DE ACORDO: Convocatoria e bases reguladoras da subvención municipal para entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2025.

A Concellería de Deportes presentou a proposta de bases para regular especificamente a convocatoria das subvencións municipais para entidades deportivas, para o ano 2025.

O Pleno do 27.06.2024 aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións municipais, para o período 2024-2025, no cal ven recollida unha liña de subvencións 4.2 denominada Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada.

Vistos os informes xurídicos, de data 27.08.2025 e 14.10.2025, recollendo unha serie de correccións a realizar.

Vista a corrección da proposta de bases reguladoras.

Visto o informe de fiscalización previa, de data 04.11.2025, no que se recolle a competencia da Xunta de Goberno Local para a súa aprobación e se fiscaliza de conformidade o expediente.

Atendendo á actual situación de carencia dunha ordenanza municipal de subvencións, aínda en fase de tramitación, non dispoñendo de bases xerais de subvencións e tendo en conta a vontade do Goberno Municipal de fomentar a actividade deportiva consonte o planificado no vixente Plan Estratéxico Municipal, redactáronse unhas bases reguladoras con carácter específico para a presente convocatoria 2025, sen estender efectos fóra da mesma.

Considerando que esta alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local mediante resolución de alcaldía núm. 1423/2023, de data 19 de xullo, a autorización de gasto a partir de 12.000 €, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Convocar a liña de subvencións LS 4.2 do PES 2024-2026, denominada “Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada”, con carácter específico para o ano 2025, en réxime de concorrencia competitiva e aprobar o gasto por importe de 80.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 do Orzamento Municipal.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo a este acordo.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Base Nacional de Subvencións».

Constan no expediente informes xurídicos desfavorables do 2025-08-27 e 2025-10-14.

Consta dilixencia de advertencias da secretaria do 2025-11-06, común a todos os asuntos elevados de urxencia no tedec e logo na sesión por orde do alcalde ao tramitador, sen constar o anexo que di anexarse ao acordo, que literalmente sinala:

“DILIXENCIA ADVERTENCIAS EXPEDIENTES VINCULADOS AO EXPEDIENTE 2025/G007/000021 DE CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO E NON INCLUÍDOS NA ORDE DO DÍA

2025/G006/000110 Subvención municipal dirixida ás entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2025 - (LS 4.2 PES 2024-2025) Concellería de Deporte, Educación e Xuventude

2025/G006/000111 Subvención municipal dirixida a entidades sen ánimo de lucro para organizar actividades culturais para o ano 2025 (LS 3.1 PES 2024-2026) Concellería de Cultura e Normalización Lingüística

2025/G006/000112 Subvencións municipais dirixidas a entidades organizadoras das festas patronais parroquiais para o ano 2025 (LS 3.2 PES 2024-2026) Concellería de Cultura e Normalización Lingüística

2025/G006/000114 Subvención municipal para a actividade anual das ANPAs para o ano 2025 (LS 5.3 PES 2024-2026) Concellería de Deporte, Educación e Xuventude

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

Documento electrónico firmado digitalmente del que se garantiza su integridad mediante su cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con el Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2025/G007/000021

CERTIFICACIÓN

A presente dilixencia esténdese para facer constar as seguintes advertencias legais aos efectos oportunos:

- Reitérase o sinalado nos informes xurídicos incorporados aos diferentes expedientes, xa que a pesar de terse cambiado as bases non se corruxiron correctamente todas as deficiencias sinalas nos mesmos.

- Non se concedeu tempo suficiente conforme á normativa para a emisión dos informes xurídicos, mentres que se permite o exceso de prazos e vencementos de anualidades. Mentres estíbese a realizar o informe xurídico din dos expedientes, recíbese hoxe un correo electrónico do alcalde, no que da “ordes” ao tramitador (en correo conxunto connigo) de incluír os expedientes a pesar das advertencias e do incumprimento de diferente normativa.

- Incumpríuse o establecido no art. 177 do ROF:

“Artículo 177

- 1. Conclusos los expedientes, se entregarán en la Secretaría de la Corporación que, después de examinarlos, los someterá al Presidente.*
- 2. Para que puedan incluirse en el orden del día de una sesión, los expedientes habrán de estar en poder de la Secretaría tres días antes, por lo menos, ...”*

- Incumpríuse o establecido no art. 172 do ROF:

“Artículo 172

- 1. En los expedientes informará el Jefe de la Dependencia a la que corresponda tramitarlos, exponiendo los antecedentes y disposiciones legales o reglamentarias en que funde su criterio.*
- 2. Los informes administrativos, jurídicos o técnicos y los dictámenes de las Juntas y Comisiones se redactarán con sujeción a las disposiciones especiales que les sean aplicables y se ceñirán a las cuestiones señaladas en el decreto o acuerdo que los haya motivado”.*

- Pos expedientes non estaban concluídos nin completos para poder realizarse a fiscalización, por faltar o informe do xefe da dependencia de tramitación e os informes xurídicos de secretaría, cuestións que non se suplen con ningún informe de fiscalización, aparte do contido diferenciado e competencial que o lexislador atribúe a unhas e outras funcións.

- Mestúrase convocatoria con NORMA reguladora das bases de concesión de subvencións, e administración local con outras administracións e chegar a ficcións competenciais.

- Non tendo o Concello de Sada, como se explicou reiteradamente NORMA reguladora das bases, a competencia para a aprobación das ditas bases de cada subvención, REITERADAS, ademais, durante anos, corresponde ao pleno, podendo incorrerse en nulidade de pleno dereito ao aprobarse por órgano manifestamente incompetente.

- Logo de dúas vacantes recentes en secretaría de dúas prazas de administrativo, e sen preguntarme tan sequera sobre a conveniencia de tal medida para a área de secretaría, obsérvase que nalgunha das bases noméase presidente da comisión avaliadora ao TAX de secretaría, ralentizando e desestabilizando, aínda mais, a carga de traballo, a parte dos custos das ditas composicións, nas que debería optarse por criterios de optimización dos recursos.

Declínase calquera responsabilidade no caso de que o alcalde o decida incluír na orde do día os expedientes”.

A secretaria reitera que o do órgano competente.

O alcalde manifesta que “entendemos que hai unhas bases de execución aprobadas que foron publicadas, que teñen carácter de disposición xeral, como veñen nos diferentes informes”.

A secretaria pregunta en que informes.

O alcalde resposta “no teu ven que a lei xeral de subvencións pide unha ordenanza específica, unha bases de execución ou unha ordenanza xeral de subvencións”.

A secretaria di que o meu non pon eso e o Concello non ten regulado e remítese aos informes realizados.

Seguidamente vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5.
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que queda aprobada a urxencia por unanimidade.

O sr. Fariña di que vota a favor da urxencia e do que faga falta.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

Documento electrónico firmado digitalmente del que se garantiza su integridad mediante su cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con el Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2025/G007/000021

CERTIFICACIÓN

Seguidamente procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5.
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que queda aprobado por unanimidade o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Convocar a liña de subvencións LS 4.2 do PES 2024-2026, denominada “Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada”, con carácter específico para o ano 2025, en réxime de concorrencia competitiva e aprobar o gasto por importe de 80.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 do Orzamento Municipal.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo a este acordo.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Base Nacional de Subvencións».

E para que conste e para os efectos oportunos expido esta certificación asinada dixitalmente, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, co visado do alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, o 19 de novembro do 2025.